

Acta de reunión

Órgano convocado	Equipo docente 1º Integración Social						
Lugar de reunión	Aula 203			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	8	Data	26/02/2019	Hora inicio	11:30h	Hora remate	12h
Moderadora	Irene Sánchez Arines						
Secretario/a							
Propósito	REUNIÓN MENSUAL DE EQUIPO DOCENTE						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Yolanda Paz, Charo Iglesias, Marcos Pérez, Edu Quintela, Ángeles Pacios. 						

Temas tratados

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.

Queda aprobada a acta 7 do 24/01/19 por unanimidade.

2. Revisión de acuerdos tomados.

- Falar co grupo e ofrecernos como equipo docente a solucionar os problemas persoais que teñen, ofrecéndolles mediación, tempos e espazo. *A titora falou inmediatamente co grupo, que gardou silencio e non manifestou interese en solucionar problema ningún.*
- Propor o libro Silencio administrativo como lectura obrigatoria: *Marcos comenta que xa o están lendo. Mercáronse tres exemplares para o Departamento, e para deixar a aquelas alumnas que non o puidesen adquirir. Fálase de traballalo no terceiro trimestre, integrándoo en todos os módulos. Unha proposta de traballo sería elaborar cartaces por capítulos e/ou dramatizar pasaxes significativas do libro. Hai que ir pensando no tema, pero se poñen estas ideas xa sobre a mesa. Marcos comenta que lle deu o libro a Pepa, traballadora social da Asociación Boavida, e que podería ser interesante que no terceiro trimestre se pechase o traballo sobre esta obra contando coa súa colaboración, achegando a súa experiencia e realizando as conclusións.*

3. Valoración dos resultados da enquisa de satisfacción docente.

A titora mostra os resultados xerais da enquisa. Só hai un indicador dun único módulo valorado como non satisfactorio. Dous módulos teñen unha valoración de “boa”, e o resto “moi boa”, polo que a media xeral é moi boa (3,57 sobre 4). Os indicadores peor valorados son o 2 e o 8, aínda que obteñen un “bo” tamén.

4. Seguimento do alumnado. Incidencias sobre o grupo.

A percepción xeral sobre o grupo é boa. Marcos síntese a gusto por como funciona. Hai carencias de aprendizaxe vinculadas á súa inmadurez, que percibimos van mellorando a base de facerllo ver, de explicarllo. Ás veces compórtanse de modo moi infantil.

Valórase a evolución dalgunha das alumnas:

- *Lúa: segue con serios problemas persoais e de saúde. Ante a insistencia da titora de que entregue os xustificantes, reconece que non vai ser quen de continuar co ritmo do curso, nin de presentarse a PD, polo que decide abandonar o ciclo. Coméntaselle a posibilidade de que presente a renuncia para que non perda a convocatoria e posibilidades e facer o ciclo o curso que vén. Manifesta a súa intención de facelo así, pero non volve dar sinais de vida. A titora comenta que vai ter que iniciar o proceso de baixa de oficio.*
- *Fabi: debido a que non entregou ningún xustificante e ignorou todos os intentos de comunicación con ela, a titora procedeu a iniciar o proceso de baixa de oficio. Mandoulle por correo certificado (non abre os tokapp) o apercibimento en todos os módulos e o apercibimento de baixa.*
- *Keka ten apercibimento en INSO (xa tiña en MIS e PAP).*
- *Noelia tivo un conflito cun grupo en CIS. Charo xestionouno; o equipo non a ve como a vítima, pois ela pasa un pouco de todo, tendo parte de responsabilidade.*
- *Alejandro está tendo unha evolución satisfactoria. Marcos di que no proxecto está máis centrado, aínda que ten que estar moi pendente del para que non se despiste.*
- *Mirian ten unha actitude moi pasota. No fondo parece un problema de falta de autoestima e empatía. A titora comenta que Lúa a escolleu como apoio e interlocutora, e á propia Mirian lle veu “grande” a responsabilidade.*
- *Patricia foi nomeada subdelegada do grupo. Sigue sendo moi faladora, e vese a necesidade de darlle un toque.*

Yolanda manifesta a súa preocupación polo esforzo do grupo, que en xeral é pouco traballador. Que non len os apuntamentos que lles pasa, e aínda que lles fai enquisas de avaliación cada pouco, non manifestan as súas necesidades.

5. Seguimento das programacións.

Cada docente do equipo indica en que porcentaxe se atopa no cumprimento da programación:

- *Contexto da Intervención Social: 90%.*
- *Metodoloxía da Intervención Social: 80%.*
- *Inserción Sociolaboral: 80%.*
- *Promoción da Autonomía Persoal: 80%.*
- *Atención ás Unidades de Convivencia: 80%.*
- *Formación e Orientación Laboral: 90%.*

5. Rolda de intervencións.


- *A titora confirma as datas dalgunhas ACF:*
 - *visita ao centro de senfogarismo de Cáritas en Vilagarcía: 21 de marzo, de 8:30 a 15h.*
 - *visita á ONCE: 28 de marzo, de 9 a 12h.*
 - *visita ao Centro Penitenciario da Lama: 29 de marzo, de 8:30 a 15h.*

Acordos

4. Seguimento do alumnado. Incidencias sobre o grupo.

- Desdramatizar os conflitos que parecen existir no grupo-clase. Responsable: o equipo educativo.
- Falar co grupo de Patricia e indicarlle a incomodidade que xera no grupo e no profesorado por estar sempre falando. Responsable: a titora.
- Avaliar conxuntamente o proxecto de Alejandro. Responsables: Marcos e Irene.

Visto e prace moderadora



Irene Sánchez Arines

O/A secretario/a